



RESOLUCIÓN POLA QUE SE FORMULA O INFORME AMBIENTAL ESTRATÉGICO DA MODIFICACIÓN PUNTUAL NÚM.6 DO PXOU DO CONCELLO DA GUARDA

Promotor: Concello da Guarda

Órgano substantivo: Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo

Expediente: 2022AAE2643

O Servizo de Avaliación Ambiental de Plans e Programas, da Subdirección Xeral de Avaliación Ambiental, formulou a seguinte proposta:

ANTECEDENTES

1. O Plan xeral de ordenación urbana (PXOU) vixente no concello da Guarda aprobouse definitivamente o 29.07.1993.
2. O día 05.01.2022 recibíuse na Dirección Xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático un escrito do Concello da Guarda no que solicitaba iniciar a avaliación ambiental estratéxica simplificada da "Modificación puntual núm. 6 do Plan xeral de ordenación urbana - modificación de aliñación nun quinceiro - Praza Ignacio Sobrino/Rúa Hernán Cortés". Achegaba un borrador do planeamento e un documento ambiental estratéxico.
3. O 11.01.2022 este órgano ambiental iniciou un período de consulta pública dos documentos recibidos no portal web e consultou ás administracións públicas afectadas e ás persoas interesadas.

CONSIDERACIÓNS LEGAIS

1. A Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (LSG) e o seu Regulamento, aprobado mediante Decreto 143/2016 do 22 de setembro (RLSG), integran no procedemento de aprobación dos instrumentos de planeamento urbanístico o proceso de avaliación ambiental estratéxica previsto na Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental.
2. O artigo 46.2.a) da LSG sinala que deben someterse ao procedemento simplificado de avaliación ambiental estratéxica as modificacións menores do planeamento xeral de ordenación municipal.
3. O órgano ambiental formulará o informe ambiental estratéxico tras consultar ás administracións públicas afectadas e ás persoas interesadas, que deberán pronunciarse no prazo máximo de trinta días hábiles (artigo 35.3 da Lei 9/2021, do 25 de febreiro, de simplificación administrativa e de apoio á reactivación económica de Galicia).

A Dirección Xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático ten atribuídas as funcións en materia de avaliación dos efectos de determinados plans e programas no ambiente (Decreto 42/2019, do 28 de marzo, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda).





CONSIDERACIÓNS TÉCNICAS

1. Características da modificación puntual do PXOU

Ámbito de actuación: parcela urbana con referencia catastral 0590203NG1309S0002DT situada no centro da vila histórica da Guarda, na contorna inmediata á Praza do Reloxo e á Casa do Concello e moi preto da Igrexa de Santa María da Guarda.

Na parcela existe unha edificación do ano 1900 (segundo catastro) que na actualidade se atopa en moi mal estado de conservación. A totalidade da parcela figura no planeamento vixente como unha ampliación do espazo público destinado a vía pública en formación dunha praza de pequenas dimensións, para o que sería necesario derrubar a edificación existente e acadar a titularidade pública do solo.

Segundo información do catastro, a parcela ten unha superficie de 56 m².

Obxecto: reducir a inversión pública necesaria para a ampliación do solo destinado a viario e permitir a edificación do cuarteirón completo no que se sitúa a parcela.

Alternativas: no documento ambiental estratéxico fórmulanse tres alternativas; a cero que suporía non desenvolver a modificación do plan, a alternativa 1 que consiste en modificar a aliñación eliminando a afección á parcela de referencia, e a alternativa 2 que sería modificar a aliñación afectando parcialmente á edificación existente.

Proposta: modificar a aliñación na parcela para manter a estrutura parcelaria orixinal e asumir os parámetros urbanísticos do planeamento vixente, asignándolle a ordenanza 5 "Edificación en zonas do núcleo antigo" (uso residencial e compatibles en B+2+BC), o que suporá un incremento da edificabilidade de 322 m².

2. Características ambientais da área probablemente afectada

O municipio da Guarda localízase no extremo sur do litoral galego, na comarca paisaxística de Costa Sur - Baixo Miño Litoral. A vila da Guarda está cualificada como núcleo de identidade litoral (NIL) polo Plan de ordenación do litoral (POL).

O ámbito do planeamento proposto localízase nunha contorna residencial plenamente consolidada, como é a zona histórica da vila. Existen nela numerosos elementos con valores patrimoniais, moitos deles catalogados, estando afectada a parcela en cuestión polo contorno de protección da Casa do Concello.

Na actualidade a parcela está ocupada por unha vivenda en estado ruinoso, na confluencia entre dúas rúas estreitas. O quinteiro no que se integra atópase fortemente degradado debido á heteroxeneidade volumétrica das edificacións e a existencia dun solar baleiro que deixa á vista traseiras de vivendas e paramentos nus ou de baixa calidade nos acabados.

Non existen no ámbito espazos nin elementos de especial interese natural.

4. Período de consultas previas

Realizáronse as seguintes consultas previas á elaboración deste informe:





	Resposta	Sen resposta
Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo	x	
Dirección Xeral de Patrimonio Cultural	x	
Instituto de Estudos do Territorio	x	

Asemade, o borrador mais o documento ambiental estratéxico estiveron publicados no portal web desta Consellería para que o público en xeral puidese consultalos e facer observacións/suxestións de contido ambiental. Non se recibiu ningún comentario.

O promotor deberá considerar na elaboración do planeamento as observacións e suxestións manifestadas no dito período de consultas previas. En todo caso, resúmense a continuación as principais cuestións formuladas.

Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo:

As razóns de interese público nas que se xustifica a modificación puntual, segundo o establecido no art. 83.1 da LSG, baséanse na necesidade de manter a estrutura parcelaria e normalizar a situación das parcelas lindeiras, consolidando o tecido urbano, fomentando a edificación residencial na vila histórica e eliminando a necesidade de inversión pública con nulo retorno.

A modificación puntual tramitarase seguindo o procedemento recollido no artigo 60 da LSG, sen prexuízo de que poida valorarse polo concello a posible conservación dos actos xa practicados neste expediente.

A modificación puntual está suxeita ao cumprimento das Normas técnicas de planeamento.

Dirección Xeral de Patrimonio Cultural:

Reafirma os aspectos xa sinalados no informe emitido o 17.02.2021 en relación á protección do patrimonio cultural afectado pola actuación proposta. Os bens catalogados poden consultarse no documento do Plan Básico Autonómico (en diante PBA).

A parcela atópase no contorno de protección da Casa do Concello, ben recollido no Catálogo do PBA; polo que de acordo co artigo 39.1 da LPCG, as futuras intervencións nos solares que se atopen no contorno de protección dun ben do patrimonio cultural de Galicia, terán que ser autorizadas pola consellaría competente en materia de patrimonio cultural, coas excepcións que na propia lei se establecen.

Indica que, en xeral, deberá darse prioridade á rehabilitación das edificacións tradicionais e respectarase formalmente a estrutura parcelaria tradicional. As novas edificacións atenderán aos criterios establecidos no artigo 46 da LPCG.

Non establece medidas protectoras ao entender que a modificación puntual non afecta a bens de carácter arquitectónico, etnográfico ou arqueolóxicos protexidos e contribúe ao mantemento da trama urbana tradicional.





Instituto de Estudos do Territorio:

Á vista do Estudo de incidencia da actuación na fachada litoral incorporado como anexo I á modificación, pode considerarse que a nova ordenación proposta non terá ningunha incidencia significativa na composición da fachada litoral do NIL da Vila da Guarda.

Polo que respecta á ordenación das edificacións no conxunto do quinteiro e a consecuente conformación dos espazos públicos circundantes, poden considerarse suficientes as explicacións achegadas, tendo en conta particularmente que existirá unha tutela do órgano competente en materia de patrimonio cultural.

Para os efectos do artigo 35 do RLPPG, pode considerarse abondo o Estudo de incidencia da actuación na fachada litoral que se achega como anexo I.

Non formula ningunha obxección á proposta de planeamento e lembra que tras a súa aprobación inicial deberá someterse a informe do Instituto de Estudos do Territorio.

5. Efectos ambientais previsibles. Análise segundo os criterios do anexo V da Lei 21/2013 de avaliación ambiental

Coa modificación do planeamento xeral preténdese modificar a aliñación nunha parcela da vila histórica da Guarda para manter a estrutura parcelaria orixinal e permitir a súa edificación.

A proposta non establece un marco para a futura autorización de proxectos, máis alá dos necesarios para realizar as obras e implantar os usos autorizados. Tampouco ten influencia noutros plans ou programas.

Tendo en conta a reducida dimensión do ámbito afectado (56 m²) e a súa localización nunha contorna residencial plenamente consolidada, non se agardan efectos significativos en canto á ocupación do solo.

A parcela atópase no contorno de protección da Casa do Concello, que é un ben catalogado, polo que as futuras intervencións no solar terán que ser autorizadas pola consellaría competente en materia de patrimonio cultural (artigo 39.1 da Lei 5/2016, do 4 de maio, de patrimonio cultural de Galicia).

Non se agardan efectos ambientais significativos.

PROPOSTA

Tendo en conta o resultado das consultas realizadas e os criterios do anexo V da Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental, propoño non someter ao procedemento de avaliación ambiental estratéxica ordinaria a "Modificación puntual núm. 6 do Plan xeral de ordenación urbana - modificación de aliñación nun quinteiro - Praza Ignacio Sobrino/Rúa Hernán Cortés", no concello da Guarda.

Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital

María Carmen Paz Cornes
Xefa do Servizo de Avaliación Ambiental
de Plans e Programas

Juan Manuel Camiño Soto
Subdirector xeral de Avaliación Ambiental





De acordo coa proposta anterior, RESOLVO:

Non someter ao procedemento de avaliación ambiental estratéxica ordinaria a “Modificación puntual núm. 6 do Plan xeral de ordenación urbana - modificación de aliñación nun quinceiro - Praza Ignacio Sobrino/Rúa Hernán Cortés”, posto que non se prevén efectos ambientais significativos.

Esta resolución farase pública no *Diario Oficial de Galicia* e no portal web da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda (<https://cmatv.xunta.gal/busca-por-palabra-clave>), e remitirase ao Concello da Guarda xunto con copia dos escritos recibidos no período de consultas previas.

Conforme co disposto no artigo 35.2.c da Lei 9/2021, do 25 de febreiro, o informe ambiental estratéxico perderá a súa vixencia e cesará na produción dos seus efectos se non se aproba o instrumento de planeamento no prazo máximo de seis anos dende a súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*. En todo caso, o órgano ambiental poderá acordar unha prórroga da vixencia do dito informe ambiental estratéxico por outro prazo máximo de dous anos, tras solicitude formulada polo promotor antes do transcurso do prazo sinalado.

Contra esta resolución non procederá recurso algún, sen prexuízo dos que procedan en vía administrativa ou xudicial fronte ao acto, no seu caso, de aprobación do planeamento (artigo 31.5 da Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental).

Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital

María Sagrario Pérez Castellanos

Directora xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático

